

1. Relaciona cada letra co material correspondente (letra en maiúscula)

Son materiais condutores ou illantes?

Madeira	→
Ferro	→
Goma	→
Cobre	→
Plástico	→
Cristal	→
Aluminio	→

- A** Materiais condutores
- B** Materiais illantes

2. Identifica os efectos da corrente eléctrica **Escribe o texto tal e como aparece.**

Efecto mecánico

Efecto químico

Efecto sonoro

Efecto magnético

Efecto luminoso



Efecto calorífico



3. Observa o circuíto e contesta as preguntas elixindo a opción correcta.

Que interruptores deberías pechar para que funcione o timbre?

E para que funcionen as lámpadas?



4. Responde as seguintes preguntas elixindo a opción correcta en cada caso.

Que quere dicir que un corpo é electricamente neutro?

- A** Que ten cargas positivas e negativas.
- B** Que ten a mesma cantidade de cargas positivas e negativas.
- C** Que ten máis cargas positivas.

Dous corpos que teñen o mesmo tipo de carga eléctrica...

- A** ... atráense.
- B** ... nin se atraen nin se repelen.
- C** ... repélense.

Os materiais que non conducen ben a corrente eléctrica chámanse:

- A** Illantes.
- B** Condutores.
- C** Circuitos.

As centrais eléctricas térmicas...

- A** ... producen electricidade grazas á calor do sol.
- B** ... producen electricidade queando auga e transformándoa en vapor. Para iso utilizan combustibles como o petróleo, o gas natural ou o carbón.
- C** ... producen electricidade aproveitando a forza do vento.

Un xerador é...

- A** ... o compoñente dun circuito eléctrico que produce a enerxía eléctrica.
- B** ... un elemento que transporta corrente.
- C** ... un compoñente que permite interromper a corrente.

5. Que carga eléctrica poden ter os dous obxectos en cada caso? Coloca os signos no lugar que correspondan. (Tes que usar todos os símbolos)

+ + + - - -

A

B

C

6. Observa a seguinte clasificación e marca cun SI ou NON dependendo se está ben clasificado.

Condutores	Illantes
Madeira	Cortiza
Aluminio	Plástico
Ferro	Prata
Cobre	Vidro
Goma	Ouro

7. Indica o nome que recibe o xerador en cada un dos seguintes aparellos eléctricos.

A



Escribe con letra maiúscula.

B



C



8. Relaciona cada un dos elementos dunha máquina coa súa descrición.

A

A estrutura •

• Compoñente da máquina que produce movemento.

B

A carcasa •

• Elementos que conducen a electricidade ao motor ou aos lugares onde é necesaria.

C

O motor •

• Peza que protexe a máquina e serve para que outros elementos se unan a ela.

D

Os circuitos eléctricos •

• Parte sobre a que se apoian os demais compoñentes da máquina.

E

Os sensores •

• Pezas móbiles dunha máquina que se empregan para transmitir o movemento ou a forza dunhas partes a outras.

F

Os operadores mecánicos •

• Compoñentes que permiten a unha máquina recibir información do interior ou do exterior.